



Chrysothrix candelaris (L.) J.R. Laundon

Atópase en troncos de coníferas (fotos 1, 2) e planifolios, madeira morta e ás veces nas rochas silíceas.

Similar a algunhas especies do xénero *Candelariella*.

Caracterízase por ter un talo leproso de cor amarelo intenso, fino e mal delimitado. Os talos leprosos son un tipo de talos crustáceos formados por pequenos gránulos, nesta especie son menores de 0,1 mm de diámetro (fotos 3, 4). Os gránulos están formados por células do alga rodeadas de hifas fúnxicas. Ás veces, os gránulos están dispersos e son difíciles de ver, noutras ocasións, cando colonizan grandes superficies, localízanse con facilidade.

Apotecios non vistos en Galicia.

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: gránulos K-, C-, KC-, P- ou K+, KC+ e P+ laranxa.